



CARNÉ DA FUNDACIÓN DE DEPORTES

O Carné dá dereito a utilización de todas as Instalacións Deportivas Municipais a excepción da Piscina Municipal que estará supeditada aos posibles acordos que se poidan aprobar coa empresa que a xestiona. Así mesmo tamén dá dereito a participación nas actividades que organice a Fundación, (Como: Escolas Deportivas Municipais, Ximnasia de Mantemento, Aeróbic, Ioga, Pilates, etc...).

Para utilizar as instalacións deportivas por parellas ou colectivamente, será necesario que todos os deportistas/usuarios sexan titulares do Carné da Fundación de Deportes, en caso contrario, cada un daqueles que non sexa titular do mesmo deberá abonar o prezo que resulte de dividir o prezo por hora da instalación entre o número de persoas que vaian a utilizala.

Prezo Carné Fundación segundo o Tipos:

PERSOAS/USUARIOS (Prezo ano 2025)

(tarifa euros/tempada)

- a) Familiar 60,00
- b) Familiar bonificado 50,00
- c) Individual Senior 45,00
- d) Individual Senior Bonificado 30,00
- e) Xoven 30,00
- f) Menores de Idade 30,00
- g) ≥65 anos 30,00

O feito de que o Carné se solicite unha vez comezado a ano en curso, non dará dereito a redución de ningunha clase no prezo do mesmo.

CONTA BANCARIA DA FUNDACIÓN DE DEPORTES ONDE TEN QUE REALIZAR O INGRESO

SUCURSAIS DE ABANCA

NA CONTA BANCARIA.- ES16 2080 5067 1130 4003 1153

CONCEPTO: CARNE DA FUNDACION ANO 2025

SERVIZOS QUE INCLÚE O CARNÉ:



Durante a súa vixencia, o Carné permite:

- a) Utilizar gratuitamente toda as Instalacións Deportivas Municipais sempre e cando existan horas disponibles, excepto a Piscina Cuberta Municipal.
- b) Bonificación do 100% da cota do prezo público de toda as actividades deportivas que organiza directamente a Fundación de Deportes (Escolas Deportivas, Cursos para Adultos, Torneos, etc...)
- c) Acceso gratuito a actos deportivos e/ou culturais que organice directamente a Fundación de Deportes.
- d) Un pase gratuito ao mes para a Piscina, Ximnasio e zoa Spa (conforme ao horario que fixe a empresa concesionaria).
- e) Sen perxuízo do indicado no apartado a) da presente norma, o Carné permitirá que cada usuario utilice gratuitamente as pistas de tenis un máximo de 6 horas a semana.(como máximo 2 horas ao día).

Non se permitirá impartir clases nas Instalacións Deportivas Municipais, tanto gratuitas como pagadas, utilizando o Carné da Fundación de Deportes.

Aquelas persoas que formen parte de Clubs/Entidades Deportivas que contén con Convenio Económico en vigor coa Fundación de Deportes, para a utilización das Instalacións Deportivas Municipais, só poderán utilizar gratuitamente as mesmas durante as horas que lles sexan concedidas pola Fundación ao Club/Entidade Deportiva do que forman parte. Para utilizar as devanditas instalacións fóra desas horas, deberán contar co Carné da Fundación de Deportes ou ben abonar a cota do prezo público correspondente.

VALIDEZ DO CARNÉ E PRAZO-LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O Carné será válido para o ano natural (1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2025). O Carné será renovable por anualidades.

As solicitudes presentaránse a partir do 9 de decembro de 2024, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos 30006, tanto solicitudes novas como de renovación.